



PROTOCOLO PARA O MANEXO DE CASOS CON SOSPEITA DE INFECCIÓN POR VIRUS SRAS-CoV-2 (COVID-19) EN OFICINAS DE FARMACIA COA CONSIDERACIÓN DE ESENCIAIS

Aos efectos do contido neste documento teñen a *consideración de esenciais* as farmacias asentadas en concellos que dispoñen dunha sola oficina e aquelas que se encontran a mais de 15 quilómetros de distancia ou a quince minutos de tempo de desprazamento da farmacia mais próxima, e sempre e cando non sexa posible contratar persoal para substitución que evite o seu peche.

Co obxectivo de asegurar a dispoñibilidade de medicamentos de forma accesible se engaden aos supostos establecidos para a toma de mostras de doentes con IRA de calquera gravidade, a profesionais das oficinas de farmacia que teñan a consideración de esenciais.

CASO POSIBLE NUNHA OFICINA DE FARMACIA COA CONSIDERACIÓN DE ESENCIAL

Na situación actual tratarase como caso posible de COVID-19 a todo doente cun cadro clínico de infección respiratoria aguda (IRA) de calquera gravidade. Os síntomas máis frecuentes da infección por COVID-19: tose, febre, dificultade respiratoria, dor muscular e malestar xeral.

O persoal da farmacia que presente síntomas leves compatibles co COVID-19, deberá retirarse da actividade laboral, permanecer illado no seu domicilio e chamar o seu centro de saúde, manifestando a súa condición de traballador de farmacia esencial, para que o seu médico de atención primaria poida contactar co equipo de recollida de mostras. O resultado da proba permitirá a descartar ao traballador como caso ou cualificalo como caso probable ou confirmado. Na situación excepcional de que non se lle puidese realizar unha PCR cando desenvolve síntomas, o traballador seguirá como caso posible.

Tendo en conta isto, tamén debemos saber que para interromper as medidas de illamento do caso posible pode optarse por unha estratexia baseada ou non en probas microbiolóxicas.

TRABALLADOR EN ILLAMENTO DOMICILIARIO QUE NON ESTIVO INGRESADO		
TIPO DE CASO	INTERRUPCIÓN DO ILLAMENTO	MEDIDAS COMPLEMENTARIAS
Caso confirmado/ probable/posible.	Aos 14 días desde o inicio dos síntomas, sempre que se resolverse o cadro clínico. Non precisa PCR negativa para suspender as medidas.	
	Realización duna PCR aos 7 días desde o inicio dos síntomas, sempre que nos 3 últimos días non presentase sintomatoloxía nin febre e non tomase antitérmicos: <ul style="list-style-type: none">• Se a PCR é negativa: fin do illamento co seguimento das medidas complementarias.• Se a PCR é positiva: completar illamento ata cumprir 14 días, cando se levantará sen nova proba.	Poderá reincorporarse ao seu posto de traballo usando mascara cirúrxica e evitando o contacto con pacientes inmunodeprimidos ata completar os 14 días desde o inicio de síntomas.



TRABALLADOR HOSPITALIZADO EN ILLAMENTO	
TIPO DE CASO	INTERRUPCIÓN DO ILLAMENTO
PCR positiva á alta Sin PCR á alta	Aos 14 días desde a alta hospitalaria, sempre que se resolverse o cadro clínico. Non precisa resultado de laboratorio negativo para suspender as medidas
PCR negativa á alta hospitalaria	Dende o momento da alta
Caso que precisa continuar ingresado por outro motivo	PCR negativa aos 3 días de resolverse o cadro clínico (Se a mostra é positiva, repetir a proba ás 72h)

MANEXO DE CONTACTOS QUE PERTENZAN A SERVIZOS ESENCIAIS

A persoa en contacto cun caso posible nunha oficina de farmacia, terá consideración de *contacto estreito* cando estivese en contacto durante máis de 15 min e a menos de 2 metros mentres o caso presentaba sintomatoloxía, e sempre e cando non se utilizasen medidas de protección. Nestes casos se actuará da seguinte forma:

- Se retirará ao profesional da actividade asistencial e realizará corentena domiciliaria durante 14 días con vixilancia de síntomas.
- Se valorará a realización aos 7 días dun test diagnóstico. No caso de que sexa negativo, o traballador poderá reincorporarse á súa actividade, garantindo o uso de máscara cirúrxica ata transcorridos 14 días do contacto co caso. Si a proba resulta positiva iniciarase o procedemento de manexo dos casos descrito máis arriba.

No resto de contactos estreitos con medidas de protección ou nos contactos casuais o traballador poderá continuar coa actividade normal, garantindo sempre o uso de máscara cirúrxica ata transcorridos 14 días do contacto co caso e prestando atención a posible aparición de síntomas .

De forma xeral, non se recomenda a recollida de mostra a non ser que presenten síntomas.

As instrucións para seguir a corentena pódense atopar na web coronavirus.sergas.gal.